



**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**  
Agra de Baño 21, MUROS – 15259  
Tif.: 881 867 110  
[ies.fontexeria@edu.xunta.es](mailto:ies.fontexeria@edu.xunta.es)



# PLAN DE IGUALDADE

**Curso 2019-20**

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA  
MUROS

<b>ÍNDICE</b>	<b>Páx</b>
<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
<b>2. Contextualización normativa e do centro</b>	<b>5</b>
<b>3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia</b>	<b>8</b>
<b>4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan</b>	<b>9</b>
<b>5. Medidas concretas de actuación</b>	<b>10</b>
<b>6. Avaliación</b>	<b>13</b>
<b>7. Anexo I: Referentes legais para a fundamentación da elaboración do Plan de Igualdade no centro educativo.</b>	<b>14</b>

## 1. Introdución

O IES Plurilingüe Fontexería traballa desde hai 6 anos de xeito sistemático nun proxecto coeducativo que promove a visibilización das achegas das mulleres á construción da sociedade -na actualidade e ao longo da historia-, e a sensibilización de alumando e profesorado sobre o sexismo presente na nosa sociedade. O obxectivo deste proxecto foi, e segue a ser, lograr o compromiso activo de toda a comunidade educativa na loita contra a desigualdade entre homes e mulleres, que aínda persiste en calquera parte do mundo.

O proxecto coeducativo articulouse a través da participación en sucesivas convocatorias de distintas modalidades de Plan Proxecta, nomeadamente “Donas de Si”, “365 días de respecto e igualdade” e “Quérote +”. O proxecto artículase a través de actividades de aula en diversas materias, actividades de titoría, complementarias, extraescolares..., así coma en diversas actuacións relacionadas coa organización do centro. Dito plan foi dinamizado pola persoa coordinadora de igualdade, contando para o seu desenvolvemento coa cooperación do equipo directivo, profesorado implicado nos distintos departamentos, o profesorado titor e o departamento de orientación do centro.

O centro foi premiado na convocatoria do Premio Plan Proxecta polo traballo desenvolvido en coeducación, así como no Premio "Concepción Arenal" da Deputación da Coruña, en 2016.

Consideramos, xa que logo, a elaboración deste Plan de Igualdade non un punto de partida, senón un punto de inflexión que queremos sirva para seguir afondando no labor coeducativo desenvolvido ata agora.

Na actualidade constitúe unha marca de identidade do noso Proxecto educativo, recoñecida por toda a comunidade educativa. Así se concreta nos obxectivos coeducativos recollidos nos distintos plans de centro: no PAT, no Plan de convivencia, no Proxecto lector e no Plan de Atención á Diversidade. Así, entre as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar no centro cómpre salientar:

- nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, desde o ano 2015
- aplicación, nas ocasións que foi preciso, as correccións recollidas no Plan de Convivencia e nas NOF, en relación ás condutas contrarias á convivencia, para atallar problemas de conduta relacionadas co xénero e a lgtbifobia (faltas de respecto, difusión de imaxes na rede, agresións...).

- concreción dos obxectivos coeducativos a través dos Plans Proxecta do centro.
- difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización, principalmente a través da web do instituto.
- concreción dos contidos dunha educación afectiva- sexual integral para todo o alumnado do centro, a través do Plan de Acción Titorial.
- promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero -a través do Plan de Acción Titorial -poñendo o foco no emprendemento das mulleres e dos homes nos ámbitos profesionais nos que están infrarepresentadas ou infrarepresentados. Esta acción realízase a través do Plan de acción titorial, e no marco do Programa de orientación académica e profesional do centro.
- realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

No mesmo sentido, ao longo destes anos desenvolvéronse outras actuacións a prol da igualdade, entre elas:

- todas as actividades recollidas nas memorias das convocatorias dos Plan Proxecta o “Por 365 días de respecto e igualdade”, “Donas de sí” e “Quétote +”, desde o ano 2013.
- participa alumnado e profesorado do centro, dende o ano 2013, na asistencia aos Encontros de Centros para unha Convivencia Positiva, no que se desenvolven actividades formativas relacionadas coa convivencia e igualdade. Así mesmo, tivo lugar a organización e desenvolvemento no propio IES Plurilingüe Fontexería, dos VI Encontros “Muros Emocion@”, en abril de 2018.
- cada curso escolar realízanse actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado ao redor de determinadas datas conmemorativas. Ademais das citadas anteriormente, incluímos:
  - día de Rosalía
  - día da Muller na Ciencia
  - Semana das Galegas nas Letras
  - Día das artes galegas (cando está dedicada a unha muller)
- realizouse unha diagnose previa da percepción dos prexuízos de xénero e homófobos, no ano 2015.
- realizouse unha enquisa anónima entre alumnado lgbti do centro, coa fin de valorar o seu grao de benestar psicosocial.
- ofértase e impártese a materia de libre configuración de igualdade de xénero: Coeducación para o Século XXI (en 1º de bacharelato)
- realizamos actividades formativas específicas para o profesorado sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo- sexual, ...) ou nos que se traballou a perspectiva de xénero de xeito transversal. Nesta liña podemos detallar as seguintes accións:

- PFPP para o profesorado do centro co tema “Deconstruímos para constituírnos como iguais, no presente curso 2019-20 (do 23/10/19 ao 29/05/2020).
- Colaboración no actual curso 2019-2020, na actividade de formación de profesorado “Prevención da violencia de xénero desde a escola”, actuando como expertos (profesorado como relatores e alumnado na mesa de conclusións sobre a violencia de xénero).
- Participación de profesorado do equipo de convivencia e igualdade no centro, no curso 2017-18, na actividade formativa “Igualdade, Convivencia e Inclusión” con motivo de coñecer e dominar os protocolos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos eidos de igualdade, convivencia e inclusión.
- Participación do profesorado do equipo de convivencia e igualdade no centro, no curso 2015-16, nas actividades formativas:
  - “Proxecto Relaciona 2016”, na adquisición de contidos relacionados coa violencia sexista na cultura androcéntrica (manifestacións habituais no contorno escolar), a relación docente con alumnas e alumnos nun contexto educativo de igualdade e as prácticas educativas que preveñen a violencia de xénero.
  - “Ciclo de vida adolescente. A convivencia entre sexos” abordando a convivencia entre iguais e o uso das tecnoloxías na relación entre sexos e adquirindo coñecementos e ferramentas para a posta en marcha das actividades vinculadas á convivencia entre os sexos.
- Participación na mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero do Concello de Muros desde a súa constitución no ano 2018. Nesta mesa asiste en representación do centro a Dirección.
- Asistencia aos Encontros (CAFI- IES- Secretaría de Igualdade)

## **2. Contextualización normativa e do centro**

### **2.1- Contextualización normativa en materia de igualdade na educación:**

- En relación ao **Marco Europeo**:
  - *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes* destácase o papel decisivo que desempeña a educación na loita contra os estereotipos e a discriminación baseada no xénero
- No **ámbito estatal**:
  - *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade

efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No *artigo 2º* recolle que o sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

- *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, contempla no *artigo 23º*. a Educación para a igualdade de mulleres e homes. e no *artigo 24º*. a Integración do principio de igualdade na política de educación.
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*, no seu *artigo 3º, aptdo. b)*, recolle entre os Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos centros docentes, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- **No ámbito autonómico:**
  - *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade*. no seu *Capítulo IV, os artigos 17, 18 e 19*, recolle o referente a educación e a formación para a igualdade de homes e mulleres (obxectivos coeducativos).
  - *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.
  - *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro)*. contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica

de conflitos. Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia. Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

- *Decreto 70/2017 do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e e a prevención e loita contra aa violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* (en base aos artigos 14º da Constitución, artigo 42º do Estatuto de Autonomía, artigo 51º da Lei orgánica 3/2007, entre outros) recolle que se considera necesario que todo o persoal posúa a formación en materia de igualdade e erradicación do sexismo na linguaxe institucional, polo que se promoverán cursos de formación de maneira continua e permanente destinados a todo o persoal o servizo da Administración na nosa comunidade. Regula a formación en igualdade e os distintos niveis de coñecemento (básico, medio e superior) para ofertar a todo o persoal da Administración en modalidade presencial, on-line ou mixta. Establece, ademáis, que a partires da entrada en vigor deste Decreto toda persoa que acceda a condición de persoal funcionario de carreira ou laboral terá que realizar, no prazo de seis meses, actividades formativas para a obtención do nivel básico.
- *Instrución do 6 de setembro de 2019*, recolle as instrucións para a elaboración do plan de igualdade nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galiza.

## **2.2- Contextualización da elaboración do Plan de Igualdade no centro:**

No IES Plurilingüe Fontexería véñense recollendo en distintos plans, programas e documentos de organización do centro, accións relacionadas cos obxectivos coeducativos, con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019:

- no Proxecto educativo, nos principios educativos e nos seus obxectivos.
- no Plan de convivencia, nos principios e fins, nos obxectivos xerais, nas acción formativas, nos programas e nas medidas complementarias de mellora da convivencia.
- nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro, nas condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.
- no Plan de acción tutorial, na xustificación e principios do plan e nos contidos e actividades a desenvolver a través da acción tutorial.
- no Plan lector e Proxecto lingüístico, na dotación e escolma de lecturas.
- no Plan de atención á diversidade, na xustificación, nos obxectivos, plans e programas.

### **3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia**

No curso 2019-20 estamos a realizar unha análise (DAFO) para coñecer a situación de partida do noso centro para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero. Para obter esa diagnose, fixemos enquisas entre o profesorado/alumnado/familias co fin de coñecer os seguintes aspectos:

- a súa percepción das desigualdades de xénero que afectan a mulleres e homes.
- a súa vivencia persoal desas desigualdades (no centro, na familia etc.).

Recollimos datos proporcionados pola enquisa sobre prexuízos aplicada ao alumnado de todo o centro, no curso 2015-16, concretamente no relativo aos prexuízos de xénero.

Tamén obtivemos información relevante a través da Macroenquisa de convivencia/datos proporcionados pola CEUFP/un estudo ad hoc realizado para o noso centro.

Neste sentido, a información da que dispoñemos no noso centro na actualidade indícanos que existen fendas de xénero en relación aos seguintes aspectos:

- infrarrepresentación de mulleres no ciclo de FPGM de IEA
- sobrerrepresentación de homes no que respecta ao rexistro de condutas contrarias á convivencia.



- non hai datos significativos na representación de homes/mulleres nas actividades deportivas libres no centro.
- sobrerrepresentación de mulleres na representación do profesorado en órganos de decisión.
- non hai datos significativos de homes/mulleres na representación do alumnado en órganos de decisión.
- titulación (non existe sobrerrepresentación de homes/mulleres)
- resultados académicos (sobrerrepresentación de homes/mulleres) obxectivo pendente a valorar.
- non hai datos significativos de homes/mulleres en relación ás necesidades específicas de apoio educativo.
- abandono escolar temperán (obxectivo pendente a valorar)
- non hai datos significativos de homes/mulleres no absentismo escolar
- condutas contrarias aos hábitos de vida saudables (obxectivo pendente a valorar)

#### **4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**

Recóllense, a continuación, en relación aos seguintes temas, unha proposta de obxectivos coeducativos, para o curso 2019/20:

##### **4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- Capacitar ao alumnado e profesorado para identificar e analizar criticamente o sexismo presente na nosa sociedade, así como o androcentrismo dominante nos diferentes saberes.
- Fornecer ao alumnado de modelos femininos que fixeron valiosas aportacións á sociedade en moitos ámbitos, valorando a historia de superación persoal fronte aos prexuízos da época de cada unha das mulleres estudadas.
- Transmitir coñecementos e sensibilizar ao alumnado sobre a loita polos dereitos políticos e sociais das mulleres, especialmente nas sociedades occidentais. Dar a coñecer as particularidades da realidade social e política do estado español, así como os trazos propios da situación histórica de Galicia.
- Favorecer o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, co obxectivo de traballar na eliminación de estereotipos sexistas e falsas crenzas.

- Mellorar as competencias, habilidades e destrezas expositivas de todo o alumnado, con especial atención á capacidade das alumnas para falar en público.

#### **4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Fornecer a mozas e mozos, coa formación e as ferramentas necesarias para coñecer e recoñecer as diversas formas de violencia contra as mulleres.
- Fomentar a autoestima e autonomía de rapazas e rapaces como xeito de prever a violencia de xénero e como requisito imprescindible para crecer en liberdade.
- Formar sobre os riscos derivados dun emprego incorrecto das TIC, como ferramenta de control, chantaxe, bullying ...
- Promover a detección por parte do profesorado de alumnas en risco de sufrir violencia de xénero.

#### **4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo- sexual.**

- Educar e sensibilizar na visibilización da diversidade de orientacións, identidades e expresións de xénero.
- Dar a coñecer figuras históricas relevantes LGTBI
- Visibilizar a discriminación legal e social que sufren as persoas LGTBI no mundo
- Dar a coñecer a historia da construción cultural da homofobia, así como a historia da loita do colectivo LGTBI polo recoñecemento dos seus dereitos.

#### **4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

- Detectar e prever actitudes, crenzas e comportamentos homófonos entre o alumnado.
  - Promover o empoderamento do alumnado “diverso” no centro.

### **5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

Para o curso 2019/20 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámoslos segundo o ámbito de actuación.

#### **5.1. Organización do centro.**

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no **Consello Escolar** para participar no impulso do Plan de igualdade. Esta persoa é a responsable da coordinación das actuacións enmarcadas no Plan de Igualdade, para o que dispón dunha hora no seu horario lectivo- como acontece con outros programas nos que participa o centro-.
- Constituír un **equipo de traballo** en materia de igualdade no centro para implementar as accións enmarcadas no Plan de igualdade.
- Solicitar, con tal fin, a través do Plan Proxecta os programas “Donas de si” e “Por 365 días de respecto e igualdade”.
- Difundir o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade, con especial atención entre as **familias**. Con este obxectivo, decidimos, unha vez aprobado no Claustro e no Consello Escolar, darlle visibilidade na web do centro e organizar coa AMPA un plan de difusión do mesmo.
- Realizar actividades formativas do profesorado, alumnado e familias en materia de igualdade, especificamente deseñadas para cada colectivo.
- Empregar a **linguaxe** inclusiva en todos os documentos do centro.
- Colaborar con outras **entidades** e centros da zona na realización de actividades coeducativas, de sensibilización etc., especialmente co concello, e o CEIP Ramón de Artaza.
- Solicitar desde a CCP aos departamentos unha análise con perspectiva de xénero, da programación e o material didáctico empregado.

## **5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

- Celebrar con actividades, principalmente destinadas ao alumnado, as seguintes **datas**:
  - 25 de novembro: colaboración co concello na campaña “Muros en Negro”, teatralización do “Conto de Pepa e Pepe”, Campaña “Sempre vivas e libres”
  - 8 de marzo: “Campaña “Se deixo de ser flor, molesto” e “Nós tamén: homes pola igualdade”
  - Celebracións LGBTI :17 de maio e 28 de Xuño (a celebrar dentro do calendario escolar a campaña “ Non son o teu chiste”)
  - Día de Rosalía

- Día da Muller na Ciencia (visionado e análise de videos entre o alumnado)
- Semana das Galegas nas Letras
- Realizar obradoiros de sexualidade entre o alumnado de 3º ESO, 2º BAC , ESA e Ciclos.
- Elaborar e aplicar un cuestionario exhaustivo entre o alumnado de BAC, Ciclos e ESA sobre sexualidade e violencia sexual entre adolescentes.
- Desenvolver a proposta de actividades “Proxecto Iguais” e “Inspira STEAM” para promover a orientación laboral e profesional libre de estereotipos, no primeiro ciclo da ESO.
- Elaborar e difundir entre o profesorado material para facilitar a revisión das programacións con perspectiva de xénero.
- Realizar obradoiros de Masculinidades disidentes e Apoderamento Feminino en 3º ESO, BAC, Ciclos e ESA.
- Proxectar películas e vídeos nas titorías seleccionados con perspectiva de xénero e atendendo a diversidade afectivo-sexual : Homeground, Sufraxistas, Perseguido a Amy, A bicicleta verde, A máscara coa que vives, A directora de orquestra...

### **5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Crear e dinamizar unha sección específica de coeducación e diversidade na Biblioteca do centro, ampliándoa e actualizándoa.

### **5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Realizar as IV Xornadas de Convivencia e Igualdade en Guimaraes, para traballar a educación afectiva-sexual do alumnado de 16 ou máis anos.
- Participar nos VIII Encontros da rede de centros por unha convivencia positiva
- Formar ao alumnado colaborador no Plan de Convivencia na detección de situacións de acoso homofóbico entre o alumnado.

## **6. Seguimento e avaliación**

En relación ao grao de cumprimento dos obxectivos recollidos no plan de igualdade para o curso, priorizaranse os seguintes indicadores de logro en relación ao seu cumprimento:

- número de actuacións desenvolvidas e non desenvolvidas
- impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- dificultades observadas no desenvolvemento das accións e propostas de resolución.
- necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.
- participación por parte do profesorado nas diversas actuacións recollidas nos obxectivos do Plan Anual
- consolidación dun grupo de traballo interdepartamental, plurianual, e capaz de sumar profesorado cada curso, que promova a perspectiva de xénero nas programacións das diversas materias e na práctica educativa
- número de alumnado afectado por cada actividade
- grao de satisfacción do alumnado na participación nas distintas actividades do plan
- nivel de voluntariedade nos grupos colaboradores entre o alumnado

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

Para realizar esta avaliación final empregaremos como instrumentos de avaliación, entre outros que se consideren máis axeitados para cada actuación, principalmente a posta en común en “gran grupo” e as enquisas anónimas.

## **Anexo I**

### **Referentes legais para a fundamentación da elaboración do Plan de Igualdade no centro educativo.**

- **Marco Europeo:**

- ✓ *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes.*

- **Ámbito Estatal**

- ✓ *Constitución española de 1978.*
- ✓ *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- ✓ *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- ✓ *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

- **Ámbito Autonómico**

- ✓ *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade.*
- ✓ *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ✓ *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*
- ✓ *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).*
- ✓ *I Plan de Igualdade galego no ámbito educativo pon a coeducación e a convivencia escolar na axenda da Administración educativa para o período 2016-2020*
- ✓ *Decreto 70/2017 do 13 de xullo, régúlase a formación en igualdade do persoal ao servizo da Administración de comunidade Autónoma de Galicia.*
- ✓ *Instrución do 6 de setembro de 2019 para a elaboración do plan de igualdade nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galiza.*